

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CSADG01	Administración e finanzas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0653	Xestión financeira	2023/2024	7	123	147
MP0653_12	Produtos e servizos financeiros	2023/2024	7	90	108
MP0653_22	Seguros	2023/2024	7	33	39

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA FERRO SABIO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O entorno productivo da comarca de Cedeira está configurado basicamente por pequenas empresas do sector servizos e de actividades relacionadas co mar , en ambos casos destaca a pouca especialización. Polo tanto demandan profesionais cunha formación que contemple todos os ámbitos funcionais da pequena empresa.

A programación polo tanto adecúase a estas necesidades do entorno productivo, que permita formar administrativos e administrativas con amplos coñecementos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O sistema financeiro	Estudo do sistema financeiro, os organismos reguladores e o sistema bancario	15	25
2	Operacións financeiras	Estudo das principais operacións financeiras: capitalización, desconto, rentas préstamos, arrendamento financeiro, etc.	40	25
3	Produtos financeiros, fontes de financiación, inversións e orzamentos	Estudo das necesidades financeiras, orzamentos, necesidades de financiación, e os produtos financeiros tanto de renta fixa como variable	53	25
4	O sector seguros	Estudo do sector seguros (concepto, contratos, primas, indemnizacións, tipos, plans e fondos de pensións, etc)	39	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O sistema financeiro	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os produtos e os servizos financeiros, analizando as súas características e as súas formas de contratación.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as organizacións, as entidades e os tipos de empresas que operan no sistema financeiro.
CA2.2 Precísanse as institucións financeiras bancarias e non bancarias, e describíronse as súas principais características.
CA2.3 Detállanse os aspectos específicos dos produtos e dos servizos existentes no mercado.
CA2.4 Recoñécense as variables que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.5 Identifícanse os suxeitos que interveñen nas operacións que se realizan con cada produto ou servizo financeiro.
CA2.6 Relaciónanse as vantaxes e os inconvenientes dos produtos e servizos.
CA2.7 Determinouse a documentación necesaria esixida e xerada coa xestión dos produtos e servizos financeiros.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistema financeiro.
Produtos financeiros de pasivo e de activo.
Servizos financeiros.
Outros produtos financeiros.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Operacións financeiras	40

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Avalía produtos e servizos financeiros do mercado, para o que realiza os cálculos, e elabora os informes oportunos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Recolleuse información sobre produtos e servizos financeiros a través de diversas canles dispoñibles.
CA3.2 Efectuáronse as operacións matemáticas necesarias para valorar cada produto.
CA3.3 Calculáronse as comisións e os gastos devindicados en cada produto.
CA3.4 Determinouse o tratamento fiscal de cada produto.
CA3.5 Determinouse o tipo de garantía esixido por cada produto.
CA3.6 Realizáronse informes comparativos dos custos financeiros de cada produto de financiamento proposto.
CA3.7 Comparáronse os servizos e as contraprestacións das entidades financeiras, resaltando as diferenzas, as vantaxes e os inconvenientes.
CA3.8 Comparáronse as rendibilidades, as vantaxes e os inconvenientes de cada forma de aforo ou investimento proposta en produtos financeiros.
CA3.9 Realizáronse os cálculos financeiros necesarios utilizando aplicacións informáticas específicas.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Procedemento de cálculo financeiro na xestión financeira.  <b>Rentas financeiras. Concepto e operacións financeiras relacionadas</b>  Análise de operacións de desconto de efectos e liñas de crédito. Análise de operacións de liquidación de contas. Análise de operacións de depósitos. Análise de préstamos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Métodos de amortización. Análise de operacións de arrendamento financeiro e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Análise de operacións de empréstitos e aplicación do cálculo financeiro ás operacións orixinadas por estes. Aplicación financeira da folia de cálculo. Débeda pública e privada.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Produtos financeiros, fontes de financiación, inversións e orzamentos	53

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina as necesidades financeiras e as axudas económicas óptimas para a empresa, logo de identificar as alternativas posibles.	SI
RA4 - Selecciona investimentos en activos financeiros ou económicos, para o que analiza as súas características e realiza os cálculos oportunos.	SI
RA5 - Integra os orzamentos parciais das áreas funcionais e/ou territoriais da empresa ou da organización, verificando a información que conteñen.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Comprobáronse os estados contables desde a óptica das necesidades de financiamento.
CA1.2 Verificáronse informes económico-financeiros e patrimoniais dos estados contables.
CA1.3 Comparáronse os resultados das análises cos valores establecidos e calculáronse as desviacións.
CA1.4 Confeccionáronse informes de acordo coa estrutura e os procedementos, tendo en conta os custos de oportunidade.
CA1.5 Utilizáronse todas as canles de información e comunicación para identificar as axudas públicas e privadas, así como fontes ás que poida acceder a empresa.
CA1.6 Identificáronse as características das formas de apoio financeiro á empresa.
CA1.7 Contrastouse a idoneidade e as incompatibilidades das axudas públicas e privadas estudadas.
CA4.1 Recoñeceuse a función dos activos financeiros como xeito de investimento e como fontes de financiamento.
CA4.2 Clasificáronse os activos financeiros utilizando como criterio o tipo de renda que xeren, a clase de entidade emisora e os prazos de amortización.
CA4.3 Distinguíronse o valor nominal, de emisión, de cotización, de reembolso e outros para efectuar os cálculos oportunos.
CA4.4 Determinouse o importe resultante en operacións de compravenda de activos financeiros, calculando os gastos e as comisións devindicadas.
CA4.5 Elaboráronse informes sobre as alternativas de investimento en activos financeiros que máis se axusten ás necesidades da empresa.
CA4.6 Identificáronse as variables que inflúen nun investimento económico.
CA4.7 Calculouse e interpretouse VAN, TIR e outros métodos de selección de investimentos.
CA5.1 Integráronse os orzamentos das áreas nun orzamento común.
CA5.2 Comprobase que a información estea completa e na forma requirida.
CA5.3 Contrastouse o contido dos orzamentos parciais.
CA5.4 Verificáronse os cálculos aritméticos coa comprobación da súa corrección.

Criterios de avaliación
CA5.5 Valorouse a importancia de elaborar en tempo e forma a documentación relacionada cos orzamentos.
CA5.6 Controlouse a execución do orzamento e detectáronse desviacións e as súas causas.
CA5.7 Ordenouse e arquivouse a información de xeito que sexa doadamente localizable.
CA5.8 Utilizáronse aplicacións informáticas na xestión das tarefas orzamentarias.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de estados financeiros.
Axudas e subvencións públicas e/ou privadas.
Mercados financeiros.
Renda fixa e variable.
Débeda pública e privada.
Fondos de investimento.
Produtos derivados.
Fiscalidade dos activos financeiros para as empresas.
Investimentos económicos.
Aplicación financeira da folia de cálculo.
Métodos de orzamentación.
Orzamento mestre e orzamento operativo.
Cálculo e análise de desviacións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	O sector seguros	39

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a tipoloxía de seguros analizando a actividade aseguradora.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a lexislación básica que regula a actividade aseguradora.
CA1.2 Relacionáronse os riscos e as condicións da asegurabilidade.
CA1.3 Identifícanse os elementos que conforman un contrato de seguro.
CA1.4 Clasifícanse os tipos de seguros.
CA1.5 Establecéronse as obrigas das partes nun contrato de seguro.
CA1.6 Determináronse os procedementos administrativos relativos á contratación e o seguimento dos seguros.
CA1.7 Identifícanse as primas e os seus compoñentes.
CA1.8 Determinouse o tratamento fiscal dos seguros.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Concepto, características e clasificación.
Contrato de seguro e a valoración de riscos.
Elementos materiais e persoais dos seguros.
Clasificación dos seguros.
Tarifas e primas.
Xestión administrativa derivada da contratación dun seguro.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os Mínimos exigibles están sinalados no apartado 4 c) da programación do módulo.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación realizarase conforme aos seguintes instrumentos de avaliación:

- Probas obxectivas: 80% da nota dacordo á ponderación fixada para cada un dos exames que se vaian realizando.

En cada avaliación realizaranse probas obxectivas de contidos teóricos e prácticos nas que se valorarán aspectos como os contidos asimilados, a

linguaxe técnica, a corrección e a presentación.

- Traballos e actividades realizadas na aula: 20%.

Este instrumento de avaliación valorarase mediante o seguemento do traballo realizado polo alumno/a na aula: realización de tarefas, resolución de

casos prácticos, recollida de apuntamentos, participación nas actividades de clase e preguntas realizadas pola docente, aínda que tamén se poderán propoñer a realización de traballos para entregar na aula.

Tanto os traballos como as actividades de clase valoraranse como APTOS/NON APTOS.

A nota de este apartado será a que corresponda en proporción a cantidade de traballos entregados e actividades de aula valorados como aptos.

No caso de non cumprir cos requisitos de prazo e forma requeridos, non se recollerán os traballos, polo que a súa calificación será de 0.

Os criterios xerais de cualificación que se aplicarán serán os seguintes:

- A avaliación realizarase sobre unha puntuación de 0 a 10.

- Realízase como mínimo un exame por avaliación, aínda que nos casos que se considere máis adecuado para o proceso de aprendizaxe do alumnado,

poderán facerse varios exames na avaliación. Nese caso, a nota da avaliación será a media da nota obtida nos exames.

- Para que a cualificación sexa positiva é necesario que se superen os mínimos exigibles de cada unha das unidades avaliadas e que a suma das

porcentaxes sexa igual ou superior a 5.

- Considerase que ten o módulo aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou maior a 5.

- A nota final da convocatoria ordinaria de xuño calcularase como a media aritmética das notas parciais obtidas polo alumno/a nas avaliacións.

- Para o cálculo da nota final do módulo, aplicarase o seguinte criterio de redondeo: os decimais iguais ou superiores a 0,75 redondearase ao enteiro

superior e os decimais inferiores a 0,75 redondearase ao enteiro inferior.

Se durante a realización de calquera das probas obxectivas, o alumno ou alumna presentase algún comportamento sospeitoso de estar empregando medios ilícitos para a superación da proba (tales como movementos inadecuados, falar con compañeiros ou compañeras, emprego de chuletas ou similares, móbil acendido durante a realización da proba,...) dita proba seralle retirada nese momento e non será calificada ( e dicir, a nota será 0).

Admitirase repetición das probas obxetivas, únicamente cando exista un xustificante adecuado (como xustificante do médico , citación xudicial,..) que acredite a ausencia do alumno/a a clase nas horas de realización da proba obxetiva.

Perda dereito á avaliación continua.

No suposto de perda de dereito á avaliación continua no módulo, o alumno/a manterá o dereito a un exame final en convocatoria extraordinaria.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Cando algún alumno/a non alcance unha avaliación suficiente, na totalidade ou unha parte, en calquera concepto avaliado, establecerase a posibilidade de recuperala mediante unha nova proba teórico-práctica e dacordo cos instrumentos de avaliación establecidos na programación da unidade didáctica desenvolto na aula. Para superar este módulo profesional o alumno/a deberá alcanzar todos os mínimos programados, acadando unha nota mínima de 5 puntos.

Para poder acceder as probas de recuperación, é imprescindible ter presentados todos os traballos en tempo e forma que se determinen. A estas probas o alumnado accederá só con aquelas unidades que non tivera superado ó longo do curso. Tamén será requisito para poder facer as actividades de recuperación terse presentado ao correspondente exame de avaliación.

#### **ALUMNADO QUE NON SUPERA O MÓDULO EN MARZO**

Para os alumnos/as que non superen o módulo en marzo, realizarase un plan de seguimento que se lle entregará a cada alumno/a con actividades de recuperación e que consistirán en exercicios prácticos, cuestións teóricas, que o alumno/a realizará pola súa conta baixo a supervisión do profesor/a cando corresponda, segundo o calendario que se aprobe. Non se trata de impartir de novo os contidos, senón de que o alumnado reforce aquelas unidades didácticas nas que presenta mais debilidades.

Establecerase un horario de tutoría co fin de realizar o seguimento do plan elaborado pola docente.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que supere o 10% de faltas, sen xustificar, respecto da duración total do módulo (10% sobre 147 = 15 sesións), perderán o dereito á avaliación continua, así como todas as notas obtidas ata ese momento (tanto de exames escritos como nos traballos realizados) tendo que avaliarse directamente na convocatoria extraordinaria.

Considéranse causas xustificadas aquelas ausencias provocadas por enfermidade, accidente ou trámites administrativos, que non poidan ser delegados a outras persoas.

A perda do dereito á avaliación continua comprende a realización dunha única proba escrita teórico-práctico extraordinaria, baseada na totalidade dos contidos mínimos esixibles que se puntuará sobre 10, tendo que obter unha nota igual ou superior a 5 para superar o módulo.

Se durante a realización da proba obxetiva, o alumno ou alumna presentase algún comportamento sospeitoso de estar empregando medios ilícitos para a superación da proba (tales como movementos inadecuados, falar con compañeiros ou compañeiras, emprego de chuletas ou similares, móvil acendido durante a realización da proba,..) dita proba seralle retirada nese momento e non será calificada ( e dicir, a nota será 0).

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Mensualmente realizarase un seguimento da programación, na plataforma "programacións" da consellería e o final do curso farase unha valoración global.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

En principio, e a falta de criterios claros e modelos de propostas concretas para que o alumnado poida participar nesta cuestión -avaliación da docencia- realizarase en termos de "autoavaliación" por parte do propio profesor. Seguindo o criterio de simplicidade e de mínima burocratización do procedemento, atenderáse fundamentalmente aos seguintes aspectos:

- a.- Nas primeiras aulas valorar o nivel xeral do alumnado en canto a capacidade de comprensión leitora, de redacción e operativa.
- b.- Considerar o grao de homoxeneidade do alumnado en canto á súa formación básica.
- c.- Adaptar a metodoloxía xeral á casuística da aula, procurando conciliar simplicidade e rigurosidade nas explicacións do profesor e esixencias ao alumno/a segundo os datos obtidos nos apartados anteriores.
- d.- Comprobar, aproximadamente cada 20 sesións, que se van cumprindo os obxectivos contemplados na programación e ver a necesidade de facer actualizacións da mesma segundo se comproben os resultados (obtidos a través de exercicios e probas que de forma sistemática se realizarán na aula).
- e.- Someter a práctica docente á opinión ordenada do alumnado, recollendo as súas propostas no relativo a procedementos no desenvolvemento da aula. Así trataráanse asuntos como: explicación do profesor, necesidade de procurar maior simplicidade dentro do necesario rigor, mais ou menos prantexamentos teóricos ou prácticos, procura de material complementario e de apoio, etc.
- f.- Por último, os resultados en termos cuantitativos de apto e non apto, determinarán a necesidade de correxir ou mellorar aspectos desenvolvidos na docencia. Asíse a importancia da opinión crítica e formada do alumnado para un mellor nivel da docencia e mellor alcanzar os obxectivos do módulo: acadar os coñecementos básicos do ciclo en materia de xestión financeira nun contexto de boas prácticas actuais e de responsabilidade por parte do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo para aqueles alumnos/as que por causas obxectivas ou por algunha outra circunstancia non poda seguir o ritmo de aprendizaxe do promedio da clase, basearánse nun diagnóstico previo sobre a natureza e causas das dificultades que ese alumno/a concreto atopa neste módulo. Esas dificultades poden ser máis xerais e afectar a máis módulos e nese caso, o máis axeitado, sería que o equipo docente do ciclo tomara unha decisión colectiva en canto ás medidas de reforzo ou atención especial que requira o alumno. Ademais, neste senso, contaríase co apoio e recomendacións do equipo técnico do Departamento de orientación correspondente para establecer as medidas oportunas que o caso requira.

En todo caso, como medidas de carácter xeral, contemplaríanse :atención máis personalizada a ese alumnado atendendo ás súas dificultades específicas, adaptación das probas obxectivas ás posibles limitacións físicas ou intelectuais deses alumnos e adecuación da metodoloxía con obxecto de compensar aquelas dificultades de comprensión ou atención deses alumnos/as. En principio, esas medidas deberían ter un carácter individualizado e non comprometer o avance na aprendizaxe do resto dos alumnos/as do grupo.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Intentarase fomentar valores como a non discriminación racial, de sexo, relixiosa, ideolóxica, o respecto ó compñeiro, a responsabilidade no traballo, etc.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As propostas polo Departamento.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

No desenvolvemento do módulo aplícase a seguinte metodoloxía:

- Activa e participativa, favorecendo as técnicas de estudo e a auto-aprendizaxe.
- En grupo e individualizada, con atención especial aos alumnos que tiveran dificultades para alcanzar o nivel esixido.
- Motivadora, que teña en conta os intereses e necesidades dos alumnos e alumnas.

Consecuentemente o profesor aplicará as seguintes formas metodolóxicas para a impartición das unidades didácticas e as actividades correspondentes:

- Explicacións breves e esquemáticas dos contidos.
- Exemplificacións de casos prácticos.
- Resolución de actividades.